

Recomendación dirixida ao Concello de Santiago de Compostela relativa á accesibilidade do servizo de transporte urbano

Expediente: G.6.Q/5206/23

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2023

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de xxx referente a problemas na accesibilidade do autobús ao Aeroporto Rosalía de Castro, de Santiago de Compostela.

#### ANTECEDENTES

##### 1. No escrito indica

“Somos una parella de viaxeiros con discapacidade física (eu en cadeira de rodas eléctrica). O día 21 de marzo de 2023 chegamos en tren a Santiago de Compostela (sobre as 14 h). Nos recolleron no tren o persoal de ATENDO e nos encarrilaron a parada de bus, para desprazarnos ao aeroporto. A nosa sorpresa foi que o condutor do bus do aeroporto non nos baixou a rampla para poder entrar ca cadeira de rodas, tivemos que entrar pola porta dianteira e o querer incorporar a cadeira de rodas foi imposible pois non collía polo pasillo. Grazas os pasaxeiros do bus que colleron a cadeira de rodas, en alto e así poder trasladala o seu sitio. O condutor do bus nos dixo, posteriormente que non podía baixar a rampla de acceso porque as aceiras eran moi altas ¿?. O día 28 de marzo do 2023 regresamos a Santiago en avión procedentes de Málaga (sobre as 19:30 h.) e nos dispuxemos a coller o bus con destino a estación de tren. Despois de haber aboado o billete o condutor do citado bus non nos quixo poñer a rampla de acceso para persoas con discapacidade (dixo que non era a súa obriga), gracias a un usuario que nos baixou a rampla puidemos subir o bus. O chegar a parada da estación de tren tivemos, despois de moito esforzo, que baixar nos a rampla, sen que o condutor baixase do seu posto de conducción. O baixamos do bus o condutor correu tras de nos para indicarnos que tiñamos que subir a rampla o seu sitio; como non lle fixemos caso, por imposibilidade física, nos insultou e nos dixo que si volvíamos a Santiago non nos poríamos subir o seu bus. Postos en contacto co persoal de ATENDO de RENFE comunicáronos que iso pasa a miúdo, que moitos usuarios quéixanse e puxeron denuncias, ninguén lles fixo caso. Nos viaxamos moito e nunca nos pasou isto en ningunha cidade de Galiza, e do Estado. ¿É legal este comportamento? ¿Teñen instrución da empresa concesionaria ou do Concello de comportarse desta maneira? Ata cando temos que sufrir estas discriminacións ¿Tomaranse medidas oportunas, si non é legal?.”

2. Ante iso requirimos información a ese concello, que nola remitiu. No informe sinálase o seguinte:

*“En relación coa queixa de referencia G.6.Q/5206/23, presentada por xxx, solicitado informe de TUSSA, a entidade municipal que xestiona o transporte urbano da cidade, o xerente da mesma, informa:*

*En relación ao asunto de referencia, e a petición do departamento de tráfico do Concello de Santiago, desde TUSSA, en calidade de asesores no estudo e planificación do transporte no ámbito municipal temos a ben informar do seguinte:*

*Respecto ás actuacións iniciadas de oficio pola institución da Valedora do Pobo tras a presentación da queixa informar que, nestes momentos o Concello de Santiago de Compostela, está traballando na licitación do novo servizo de transporte urbano (licitación xa en proceso de publicación e de presentación de ofertas).*

*Este novo servizo ten coma un dos seus piares fundamentais unha mellora substancial na accesibilidade, así como a realización de cambios na actual ordenanza de transporte urbano que regula o servizo, e na que indubablemente se inclúen as aportacións feitas polo interesado.”*

#### ANÁLISE

1. O concesionario do servizo, que responde en nome do concello, recoñece que o transporte non é accesible, razón pola cal suceden feitos como os que motivan a queixa.
2. Ademais, a actual ordenanza reguladora do servizo de transporte urbano prevé para estes casos (vehículos con rampla manual) que un acompañante realice a manobra para accionala (art. 35.2).
3. Por tanto, o acceso non pode ser independente, posto que a persoa con discapacidade ten que ir acompañada por unha terceira persoa de auxilio que realizará a tarefa citada.
4. A accesibilidade debe supoñer a non existencia de condicionamentos externos, tal e como defínese no Real Decreto Lexislativo 1/2013, artigo 2.k): “accesibilidade universal: é a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible. Presupón a

estratexia de «deseño universal ou deseño para todas as persoas», e enténdese sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse”.

Ese mesmo texto legal prevé as seguintes definicións aos efectos legais:

-“Vida independente: é a situación na que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade”.

-“Normalización: é o principio en virtude do cal as persoas con discapacidade deben poder levar unha vida en igualdade de condicións, accedendo aos mesmos lugares, ámbitos, bens e servizos que están ao dispor de calquera outra persoa”.

-“Inclusión social: é o principio en virtude do cal a sociedade promove valores compartidos orientados ao ben común e á cohesión social, permitindo que todas as persoas con discapacidade teñan as oportunidades e recursos necesarios para participar plenamente na vida política, económica, social, educativa, laboral e cultural, e para gozar dunhas condicións de vida en igualdade cos demais”.

E prevé tamén que a data límite para as adaptacións razoables venceu hai tempo, o 4-12-2017.

5. O Real Decreto 154/2007 para autobuses urbanos da clase I ou A, os que contan cos espazos para persoas de pe, sinala que “o material móbil novo afectado, clases I y II, será accesible, cumprindo o anexo V, a partir do ano da entrada en vigor deste real decreto... i) Será imprescindible dotar ao vehículo de rampa motorizada ou elevador e sistema de inclinación («Kneeling») para facilitar o acceso as persoas con mobilidade reducida”.

E o Real Decreto 537/2019 estende dita previsión ás cadeiras de rodas con motor eléctrico e escúteres no transporte marítimo e terrestre. “As normas establecidas neste real decreto que afectan o uso de cadeiras de rodas nos diferentes transportes terrestres así como no marítimo, sempre que iso sexa tecnicamente viable en condicións de seguridade, aplicaranse, sen sobrecusto algún para o usuario, en relación coas cadeiras de rodas con motor eléctrico e escúteres con tres ou máis rodas que cumpran a norma UNE-EN 12184 sobre cadeiras de rodas con motor eléctrico, escúteres e os seus cargadores, cuxas dimensións máximas de lonxitude e anchura sexan, respectivamente, de 1.300 por 700 milímetros”.

6. O problema obxecto da queixa ven apreciándose en Santiago de Compostela dende hai tempo, e mostra diso é a noticia aparecida no diario *La Voz de Galicia* do 3 de marzo de 2016, onde se fai mención a unha situación parecida e ás reaccións dos prexudicados.

7. Hai un ano e 9 meses concluímos unha queixa co mesmo obxecto, a falta de accesibilidade a persoas con mobilidade reducida dunha liña do autobús. E

formulamos ao Concello de Santiago de Compostela unha recomendación para que se tramitara o novo contrato do servizo de transporte urbano de viaxeiros con dilixencia, que se formalizara o máis axiña posible, e que nel se garantira que todo o material contara con ramplas automáticas que permitiran o acceso con plena autonomía; e que en consecuencia se modificara a ordenanza reguladora do servizo para que non contemple a actual obriga de activación das ramplas manuais por medio dun terceiro acompañante.

8. O concello respondeu que estaba a tramitar un novo contrato do transporte urbano de viaxeiros, no que se terían en conta as circunstancias alegadas, e se mencionaba a necesidade de modificar a ordenanza para adecuala a situación.

Así, o concello aceptou a recomendación, posto que sinalaba que estaba a tramitar o novo contrato do transporte urbano de viaxeiros e que tería en conta as circunstancias obxecto da queixa. Ademais, o concelleiro competente e o xerente de TUSSA tiveron unha xuntanza para a mellora das condicións do transporte urbano de Santiago de Compostela, melloras que poderán incluírse na ordenanza e “resolver a problemática”.

9. Despois dese amplo período de tempo o expediente aínda se atopa en trámite, polo que a medida recomendada aínda non tivo efectividade, ao estar pendente adxudicación do novo contrato de transporte urbano.

10. Do anterior dedúcese que é urxente concluír o proceso de contratación para conseguir adaptar a flota de autobuses ata conseguir que sexan accesibles para as persoas con mobilidade reducida, e a modificación da ordenanza para eliminar a obriga de colocación da rampla manual por un terceiro acompañante

A administración municipal debera concluír o trámite do mencionado contrato o máis axiña posible e que tamén modificar a ordenanza, dada a evidente incidencia negativa que a situación actual ten nas condicións de vida das persoas con discapacidade.

11. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, as que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración local, teñen a obrigación principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese Concello de Santiago de Compostela a seguinte recomendación:

*Que os trámites que resten para o novo contrato do servizo de transporte urbano de viaxeiros se tramiten con urxencia, de tal maneira que se formalice o máis axiña posible, e que nel se garanta que todo o material conte con ramplas automáticas que permitan o acceso con plena autonomía; e que tamén con urxencia se modifique a ordenanza reguladora do servizo para que non contemple a actual obriga de activación das ramplas manuais por medio dun terceiro acompañante.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo